INVESTIGAMOS

OS NOSOS TRABALLOS 4ºA

OS MINERAIS E AS ROCHAS

Traballando o tema das rochas e dos minerais a nosa profesora Pepita proxectou uns videos maravillosos da cova de Nerja, do Drach… As súas abraiantes formas son o resultado do paso do tempo e da acción da auga sobre unha rocha chamada calcaria. Cando chove, a auga filtrase polo teito da cova. Entón, se as gotas de auga caen ao chan, a calcaria que levan disoltas as gotas forman unha especie de torres chamadas estalagmitas. E se as gotas quedan suspendidas do teito a calcaria crea unha especie de carambelos chamados estalactitas.
¡Verdade que é sorprendente! Tivemos a idea de realizar un mural dos minerais a das rochas. Clasificámolas segundo a súa orixe: sedimentarias, ígneas ou magmáticas e metamórficas. Fixemos fotocopias e pegamos os diferentes tipos coa fotografía de cada rocha.
Tamén puxemos fotografías da sal gema, do ouro, da pirita, do cuarzo, da arxila, da pedra pómez, do mármore, da malaquita, do granito, etc.Este foi o noso traballo, o próximo trimestre…máis.



María Alonso, Anxo Blanco, Iago Barriuso.

TRABALLAMOS O OUTONO

Ola son María Alonso, alumna de 4º A e vouvos contar como fixemos algún dos traballos deste trimestre.
Un día a nosa profesora Pepita entregounos un folio coa clasificación dos tipos de follas: pola presencia do peciolo, pola disposición do talo, si son simples ou compostas, pola forma e borde do limbo, polas nerviacións,…
Ao meu compañeiro Iago Barriuso e a min ocorreusenos realizar un mural coas follas. Recollemos numerosas e variadas follas no campo. Con elas fixemos unha libélula, una bolboreta, un eirizo, un raposo e un rato. Tamén confeccionamos unha árbore con cachiños de follas pegadas e pintado con ceras "Manley". Despois puxémoslle purpurina azul e amarela e tamén a algúns dos animais. Que bonito quedou!
Desexamos que vos guste!
Tamén o noso compañeiro Anxo Blanco confeccionou un mural con follas, pero de xeito diferente ó noso. El traballou específicamente os tipos de follas: simple, compostas dentadas, palmeadas, lanceoladas, aserradas, etc.
Primeiro debuxou follas variadas en cartulinas azul e negra, depois colleu as follas e pintounas cun pincel de pintura branca. Finalmente peguou as follas nunha cartolina da cor contraria, previamente clasificadas.
O resultado foi … espectacular!

INVESTIGAMOS

OS NOSOS TRABALLOS 5ºC

Os minerais son substancias sólidas e naturais.
Os minerais fórmanse de maneiras distintas. Algúns fórmanse cando a magma arrefría, outros cando a auga evapórase...
Tamén existen moitos tipos diferentes de minerais. Ata agora atopáronse máis de tres mil minerais e cada ano descúbrense novos.
A forma de diferenciar os minerais son polas súas características, é dicir, polas súas propiedades físicas. Algunhas delas son:
Dureza: é a resistencia que opón un mineral ao raiarse.
Brillo: é o aspeto que presenta un mineral ao reflexar a luz.
Cor: para saber cal é a cor dun mineral temos que raialo e ver a cor que deixa a súa raia.
Transparencia: é a capacidade que ten un mineral de deixar pasar a luz.
Os minerais forman as rochas. Por exemplo, o granito está formado polo cuarzo, o feldespato e a mica.
Os minerais teñen unha gran importancia polas súas múltiples aplicacións. Úsanse para fabricar produtos da moderna civilización. Así, de distintos tipos de cuarzo e silicatos, prodúcese o vidrio. Certos materiais, como o xeso, son utilizados na construcción. As pedras preciosas, como os diamantes, topacios e rubíes, teñen moito valor no comercio de xoias.
Os principais minerais e rochas que máis abundan no noso entorno son : granito, cuarcita, pizarra, arxila, caolín, caliza, entre outras.



O nome volcán provén do deus mitolóxico "Vulcano".
Os volcáns son unhas aperturas na capa da terra polas que sae lava (rochas fundidas). O magma ao sair a superficie recibe o nome de lava.Poden ser acuáticos ou terrestres.
As partes principais dos volcáns son: o cráter, que é a zona pola que soltan o magma, a cheminea, pola que sube o magma e a cámara magmática, onde se almacena o magma.
Normalmente se atopan en parques naturais como o Teide.
Os 11 volcáns máis importantes do mundo son: Kilimanjaro, Fuji, Krakatoa, Popocatetl, Tambora, Kilavea, Vesubio e o Etna ambolos dous en Italia, ST Helen, Mauna Loa e o Teide que é o único dos 11 volcáns que se atopa nas Illas Canarias (España).
O volcán mais recente é o da illa do Hierro. A erupción volcánica submarina fixo que numerosos temblores sacudiran a illa dende xunio ata a saída do magma no sur da illa a mediados de outubro. A Restinga, que é a poboación mais próxima, tivo que ser evacuada varias veces dende entón.
O Hierro e una illa asociada a actividadade volcánica xa que foi creada por numerosas erupcións volcánicas. O pico mais alto é o pico de Malpaso que a día de hoxe segue crecendo a base de erupcións volcánicas.

Os riscos dos volcáns ademais da lava do seu interior, son os seus gases tóxicos, as cinzas e as nubes ardentes que son conxuntos de pedras pulverizadas a unha temperatura e velocidade moi elevadas. Nesta foto hai unha erupción e se poden apreciar as nubes ardentes, as cinzas e o gas tóxico.